



CONVOCATORIA DE DUAS PRAZAS DE ENFERMEIRA PARA A ÁREA DE CIRURXÍA CARDÍACA E PERFUSIONISTA

A Lei 8/2008, de 10 de xullo de Saúde de Galicia, no seu artigo 113.8 establece que “*sen prexuízo do posto de traballo cuia titularidade acredite o profesional e o ámbito determinado no seu nomeamento, os profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia considéranse adscritos á área de saúde onde radique o seu destino*”. O ámbito do nomeamento dos profesionais que prestan servizos no Complexo Hospitalario de A Coruña é o dos centros e unidades que o integran.

A Disposición adicional quinta do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde establece que “*con independencia das súas facultades de ordenación de persoal, os órganos directivos das institucións sanitarias, baixo o principio de planificación eficiente das necesidades, procurarán que a localización do persoal dentro da institución sanitaria responda a criterios de obxectividade, igualdade e voluntariedade. Para estes efectos, habilitarán periodicamente procedementos de traslados internos, con suxeición a baremo, entre postos de traballo da mesma categoría, que contén coa participación das organizacións sindicais. No seo da mesa sectorial negociaranse as bases dos citados procedementos e dos baremos aplicables, nos cales se primará a valoración da antigüidade no Sistema Nacional de Saúde, a permanencia na institución, a experiencia profesional nas áreas específicas, a formación continuada e a docencia*”.

As Bases vixentes reguladoras do concurso de mobilidade interna, asinadas no ámbito da Mesa Sectorial de Sanidade do 23 de decembro do 2009, así como o acordo asinado no Complexo Hospitalario Universitario A Coruña na data 29 de xullo do 2010, amparan a provisión, en casos especificamente xustificados e logo da negociación coa Xunta de Persoal, de determinados postos que requiran singulares niveis de cualificación.

As funcións da enfermeira realizadas como perfusionista na área de Cirurxía Cardíaca do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña requiren do desenvolvemento de competencias cun alto nivel de especialización que precisan dun exhaustivo programa de formación e adestramento que xustifica unhas disposicións específicas.

Por todo isto, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 168/2010, de 7 de outubro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 199 de 15 de outubro), esta Dirección Xerencia acorda convocar **CONCURSO DE PROVISION DE MOBILIDADE INTERNA DE POSTO DE ENFERMEIRO PERFUSIONISTA** no Complexo Hospitalario de A Coruña.





RESOLVE

A convocatoria dun posto de DUE da área específica de Cirurxía Cardíaca para tarefas de enfermeira perfusionista, con arranxo as seguintes

BASES:

Primeira.- Características do posto que se convoca.

Denominación: Enfermeira de quirófano-perfusionista Área de Cirurxía Cardíaca.

Nº de postos vacantes:2

Quendas preferentes de traballo: Mañá e tarde con quendas de localización e dispoñibilidade fora da xornada laboral.

Segunda.- As bases da convocatoria serán as comúns para os procesos de mobilidade interna voluntaria que se celebran no Complexo Hospitalario de A Coruña coas especificacións que se sinalan na presente convocatoria.

Terceira.- Considerásense, a efectos de baremo da puntuación adicional nos apartados de experiencia profesional e formación continuada, a prestación de servizos ou a formación específica nas seguintes áreas:

- Área cirúrxica.
- Areas de pacientes críticos.

Experiencia profesional área específica:

- Polos servizos prestados como persoal fixo na mesma institución sanitaria, na mesma categoría e área específica á que se opta: 0,25 puntos por mes.

- Polos servizos prestados como persoal temporal na mesma institución sanitaria, na mesma categoría e área a que se opta: 0,12 puntos por mes.

Formación continuada área específica:

A formación relacionada coas áreas específicas será valorada cunha puntuación adicional :

- Por crédito: 0,4 puntos





- Por hora: 0,04 puntos

Só se valorarán os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título esixido para o desempeño da praza da categoría á que se opta.

Cuarta.- A adxudicación quedará condicionada a ter superado con aproveitamento un nivel mínimo de formación teórico-practico de entre 6 a 12 meses. A metade da formación realizarase en xornada laboral.

Quinta.- O compromiso de permanencia neste concreto acomodo é de catro anos, non podendo participar en procesos de mobilidade interna antes do referido prazo.

Sexta.- As solicitudes presentaranse mediante escrito dirixido a Dirección de Procesos Enfermería da Estrutura de Xestión Integrada de A Coruña no prazo de dez días hábiles a contar dende a data de publicación da convocatoria nos taboleiros de anuncios sito na planta soto do Hotel de Pacientes e no taboleiro de anuncios que consta na páxina do Espazo do Profesional.

Xunto coa solicitude presentaranse os méritos que pretenda facer valer, sinalándose que non será necesario presentar acreditación dos méritos que xa consten presentados no Expediente-E.

Sétima.- Ante calquera cuestión non recollida nesta convocatoria, estarase ao regulado nas bases de mobilidade interna asinadas o 29 de xullo do 2010 entre a Dirección do CHUAC e as Centrais Sindicais e subsidiariamente aplicaranse as disposicións contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 30/1992, de 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, Recurso de alzada perante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación.

Xerente da Xerencia de Xestión Integrada

Francisco J. Vilanova Fraga



DILIXENCIA

Para facer constar que con esta data publícase no taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña (Hospital A Coruña, Xubias de Arriba 84) a convocatoria do concurso de provisión de mobilidade interna de dous postos de enfermeiro/a perfusionista na Área de Cirurxía Cardíaca do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

A Coruña, 14 de maio de 2015

O Director de RR.HH.

Asdo.: Manuel Gómez López



Xerencia de Xestión Integrada